

Sabía vostede que...

...pouco despois de que o Goberno Municipal perdese a subvención comprometida pola Xunta de Galicia para a construción na nosa vila dun Centro de Día concedíase licenza para edificar unha residencia de anciáns privada nas inmediacións da zona na que se plantexaba o centro público?

...dende hai semanas e debido á proximidade das eleccións municipais o Grupo de Goberno aumentou a contratación irregular de empresas privadas para realizar traballos que lle corresponden aos empregados municipais, tales como cortar a herba, recollida de lixo, desmontar unha carpa... duplicando así o custo destes servizos coa única intención de enganar aos cidadáns vendendo unha "falsa boa xestión"?

...a día de hoxe o Goberno do PP non foi quen de conseguir fondos de ningunha administración para a rehabilitación do Mercado Municipal cando están a piques de comezar os traballos para a rehabilitación de dúas naves das lonxas de Raxoi ás que se trasladarían os comerciantes mentres se levase a cabo a obra de mellora do edificio da Praza do Conde. Esperamos que a intención dos responsables municipais non sexa a de manter aos placeiros no emplazamento provisional, mentres o Mercado permanece pechado degradándose día tras día.

...os proxectos do noso goberno municipal quedaron estancados no ano 2009, data do último presuposto aprobado -que a día de hoxe permanece prorrogado- ó ser rexeitado polos restantes grupos o do ano 2010, e non tendo presentado a día de hoxe o de 2011, o que explica a apatía e falla de iniciativas nestes anos deste goberno, coa conseguinte perda de inversións e calidade nos servizos que vimos sofrendo todos os eumeses.

... logo de catro anos de goberno popular perdéronse máis e máis servizos públicos e na actualidade en Pontedeume:

- **Non hai** oficina do Instituto Social da Mariña.
- **Non hai** Arquitecto Municipal
- **Non hai** Educadora Familiar.
- **Non hai** Avogada da Muller.
- **Non hai** Escola en Centroña.
- **Non hai** Escola en Campolongo.
- **Non hai** Centro de Formación e Recursos.
- **Non hai** Campamentos Municipais de Verán.
- **Non hai** Oferta Pública de Emprego.
- **Non hai** prazas escolares para a metade da poboación menor de 3 anos.
- **Non hai** convocatorias para atender de xeito legalizado:
 - Ás persoas atendidas baixo a Lei de Dependencia.
 - As actividades deportivas municipais.
 - O mantemento do Alumeado Público, da Casqueira, do Centro de Maiores, do colexio de Andrade.
 - A recollida de Enseres.



Bernardo Fernández Piñeiro

candidato do PSdeG-PSOE á Alcaldía do Concello de Pontedeume



Chámome Bernardo Fernández Piñeiro, teño 29 anos, son músico de profesión e natural de Pontedeume.

Entrei en política como militante das Xuventudes Socialistas motivado polas ansias de mellorar a Vila na que teño a sorte de vivir, afiliándome ao PSdeG-PSOE pouco tempo despois. Hai máis de tres anos pasei a formar parte da Corporación Local como Concelleiro do Grupo Municipal Socialista, feito que ademais de ofrecerme a posibilidade de adquirir unha enorme experiencia no que ao funcionamento da administración local se refire, permitíume coñecer de primeira man as numerosas necesidades que teñen os veciños e veciñas da nosa Vila.

O pasado Venres día 11 de febreiro, nunha asemblea marcada pola unidade e a cohesión, fun elixido polos meus compañeiros da Agrupación Socialista eumesa candidato á Alcaldía para as vindeiras eleccións municipais do mes de maio

Foron dous os factores fundamentais que me moveron a presentar esta candidatura: por unha banda, a responsabilidade social que nos compromete como Partido cos nosos veciños, e veciñas e por outra, a necesidade de cambio que os eumeses reivindicamos ante a intolerable incompetencia dos que, nos últimos catro anos, non fixeron máis que malgastar o diñeiro público, abandonar as políticas sociais e "infrautilizar e infravalorar" o acadado en etapas anteriores.

"o PP malgastou diñeiro público e abandonou as políticas sociais"

Penso que non existe maior honra para aqueles que amamos e sentimos Pontedeume que encabezar unha lista de mulleres e homes dispostos a traballar sen descanso para facer do noso pobo un referente en calidade de vida. Porque é o pobo, as necesidades do pobo, o que nos move á acción. Lonxe da busca do beneficio persoal que caracteriza a outras formacións políticas, témola obriga de procurar o máximo benestar para tódolos nosos veciños. Veciños que sen dúbida están fartos da pésima xestión de recursos e o desgoverno galopante no que o PP mergullou ao noso Concello. Veciños que desexan ver como Pontedeume saca a cabeza do pozo para respirar. Veciños cansos de ser ignorados e que reclaman con urxencia a nosa atención.

Para finalizar, non quixera deixar pasar a ocasión que me brinda a publicación deste boletín para lembrar a un dos pioneiros do Socialismo eumés, Juan Balado, Presidente de Honra da nosa Agrupación, que tristemente nos deixou hai poucos datas. Sen dúbida a súa memoria e todo o que del aprendemos permanecerá no tempo e nos guiará no presente e no futuro.

"veciños cansos de ser ignorados, reclaman a nosa atención"